

*Informe anual
da Oficina de Medio Ambiente
Curso 2023-2024*



Universidade de Vigo

*Oficina de
Medio Ambiente*



**OBXECTIVOS
DE DESENVOLVEMENTO
SOSTIBLE**

A publicación desta memoria está aliñada co cumprimento dos seguintes ODS e as súas metas:



Meta 3.9 Redución de mortes por contaminación química e polución.



Meta 6.3 Mellorar a calidade da auga. Reducir a contaminación e augas residuais.



Meta 6.4 Aumentar o uso eficiente de recursos hídricos (extracción de auga doce).



Meta 6.6 Protección dos ecosistemas relacionados coa auga.



Meta 7.2 Aumento das enerxías renovables.



Meta 7.A Aumento da investigación e investimento en enerxías limpas.



Meta 11.4 Protección do patrimonio cultural e natural.



Meta 11.7 Proporcionar acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros.



Meta 12.2 Lograr o uso eficiente de recursos naturais.



Meta 12.4 Xestión de refugallos e produtos químicos.



Meta 12.5 Prevención, redución, reciclaxe e reutilización de refugallos.



Meta 12.8 Asegurar a educación para o Desenvolvemento sustentable.



Meta 13.1 Fortalecemento da resiliencia e adaptación.



Meta 13.3 Mellora da Educación e sensibilización ambiental.



Meta 15.1 Asegurar a Conservación e uso sustentable dos ecosistemas.



Meta 15.2 Xestión sustentable de bosques.



Meta 15.5 Medidas contra a degradación e perda de biodiversidade.



Meta 15.7 Combater a caza furtiva e especies protexidas.



Meta 15.8 Prevención de especies invasoras.



Meta 15.9 Integración de plans sensibles a medio ambiente.

Memoria da Oficina de Medio Ambiente (OMA) Curso 2023-2024

A OMA constitúe o órgano representativo e competente para executar a política ambiental da Universidade de Vigo (UVigo). Entre as súas funcións están prever os impactos ambientais e intervir en actuacións para corrixilos, a conservación e a restauración do medio natural, promover accións que aumenten a calidade do medio natural, asesorar a comunidade universitaria en materia ambiental, así como o fomento da educación e da sensibilización ambiental.

Ao longo do curso 2023-2024, baixo o marco destes obxectivos, as principais actividades desenvolvidas foron:

Xestión ambiental: manexo de recursos, materias primas e residuos

Dende a OMA diríxese e supervísase a recollida dos residuos perigosos (químicos de laboratorios e talleres) de tódolos centros dos 3 campus a través de xestores autorizados. Durante o curso 2023-2024 retiráronse as seguintes cantidades:

	novembro 2023	xuño 2024
Total residuos perigosos (kg)	11.222	14.361

Trabállase tamén na recollida, almacenamento, transporte e xestión do material informático obsoleto e avariado de tódolos centros da universidade. Para isto colabórase co Gruvi (*Grupo de Reciclaxe Informática da Universidade de Vigo*) na selección do material eléctrico e electrónico aproveitable. Neste curso, a cantidade en peso de material recuperado con respecto ao total desbotado foi arredor dun 6,6 %. A cantidade total tratada a través de xestor autorizado deste tipo de residuos foron uns 2.928 kg. Os residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE) retirados (unidades) no curso 2023-2024 foron:

	Reutilizados no GRUVI	Xestor autorizado
Ordenadores	24	412
Monitores	13	102
Impresoras + escáneres	2	1
Caixas con material variado	0	17
Outros equipos eléctricos	0	29
TOTAL	39	561

Tamén se leva o control, segregación e xestión doutro tipo de residuos como os *sandach* (de laboratorios de experimentación animal), os fluorescentes e lámpadas non incandescentes, os consumibles de oficina, os teléfonos móbiles, etc.

Coa entidade Ambilamp, que conforma un sistema estatal de xestión integrado de residuos procedentes de lámpadas fluorescentes e de baixo consumo, a UVigo ten asinado un convenio polo que esta entidade recolle gratuitamente este tipo de residuos nos campus. Para isto, puxo a disposición da UVigo unha serie de colectores especiais localizados en zonas centralizadas de cada campus, onde se van dispoñendo adecuadamente este tipo de residuos para a súa posterior recollida e xestión pola entidade.

A empresa Ridel-Noroeste dispón en puntos estratéxicos dos 3 campus (conserxerías e servizos) colectores para a recollida específica de cartuchos e tóneres de impresoras e fotocopiadoras, así como de teléfonos móbiles e dos seus compoñentes. Procede de forma ordinaria cuadrimestralmente coa súa recollida ou por aviso extraordinario cando nun centro avisan de que se enchen.

Dende a OMA lévase o control e seguimento de determinados consumos (auga, electricidade, combustibles, etc.) que son recollidos nos contadores específicos ou subministrados polos servizos de recompilación de datos da universidade (fornecidos polas compañías subministradoras). Rexístranse mensualmente os consumos, estudando na medida do posible medidas de aplicación de eficiencia enerxética e aforro.

Séguese a traballar no seguimento e cuantificación do impacto ambiental da universidade en base ao estudo da *Pegada de Carbono* e da *Pegada Ecolóxica* (ano 2023: 0,70 ton CO₂eq/persoa). Este e outros indicadores (coma o caso da enquisa *Green Metric* entre universidades a nivel internacional) miden o efecto das emisións de gases invernadoiro e o impacto ambiental que relaciona os recursos existentes coa capacidade ecolóxica do planeta para xerar os devanditos recursos. Estes datos son públicos e están dispoñibles na web da OMA: <http://oma.webs.uvigo.es/Sostibilidade/CambioClimatico/PegadaEcoloxica.php>

Sensibilización e formación

Continúase co desenvolvemento do Programa de Educación Ambiental con visitas polos itinerarios ambientais "Universidade é Natureza" e "Ruta das Árbores", dirixido principalmente a estudantes de centros de ensino das bisbarras dos campus e para a comunidade universitaria. O obxectivo destas saídas de campo é dar a coñecer a paisaxe e a grande variedade de especies de fauna e flora presentes nos campus, algunhas singulares polo seu porte, rareza ou idade. Tamén se incide nas boas prácticas e comportamentos que debemos desenvolver para conservar un medio natural saudable e sostible para a protección da natureza e da paisaxe.

Mantense unha web institucional da Oficina de Medio Ambiente (OMA) con contidos ambientais e difusión de noticias relacionadas: <https://oma.webs.uvigo.es/>

Dentro do ámbito do *Desenvolvemento Sustentable e da Xestión Ambiental* convocáronse 6 bolsas de formación para estudantado universitario e contouse coa colaboración de proxectos fin de grao/mestrado, así como estudantes que desempeñaron labores de voluntariado para o apoio na xestión ambiental e no mantemento e na conservación do medio natural dos campus.

Conservación do medio natural: xestión de zonas verdes

No que respecta ao control e erradicación de especies invasoras, continúaase co seguimento e control de especies de flora invasora (persicaria, onagra, acacia negra, mimosa, robinia, margarida africana, cortaderia, canaveira, herba tintureira, cala, glicinia, eixerón, landoltia, calamón, acedeira, vinca, dedal de ouro, capuchina etc.) e capturas de fauna invasora (cangrexo americano, tartaruga de Florida, carpas e carpíns) nas lagoas e estanques dos campus.

A Unidade de Xardinería e zonas verdes encárganse da conservación das zonas verdes de tódolos campus, así como das infraestruturas relacionadas e os traballos asociados.

Dende a Unidade de Xardinería e zonas verdes faise un traballo constante nos campus ó longo de todo o ano na xestión e conservación do medio natural, así como traballos complementarios relacionados, asociados ó mantemento e limpeza de infraestruturas. En función da climatoloxía, da evolución vexetativa das diferentes cubertas vexetais e do calendario universitario, planifícanse as tarefas de conservación co obxectivo de aumentar a calidade ecolóxica, tentando incrementar a biodiversidade e o potencial natural, ornamental e paisaxístico:

- Supervisión e control periódico do estado das zonas verdes, mobiliario urbano e infraestruturas.
- Planificación e coordinación dos traballos de conservación en zonas verdes e infraestruturas (estacionamentos, sistema viario e peonil, zonas duras, sistemas de drenaxe, estanques e limpeza xeral periódica dos campus).

- Traballos de mantemento: podas, reprodución de planta, rega e mantemento dos sistemas de rega, compostaxe, etc.

Traballos extraordinarios e estacionais nos campus de **Vigo e Pontevedra**:

- Xestión de residuos:
 - Limpeza de entulleiras “espontáneas”.
 - Limpezas especiais manuais dos campus durante os exames de Selectividade, antes dos actos institucionais e protocolarios, tralas inclemencias meteorolóxicas, despois de eventos, etc.
 - Limpeza mecánica das estradas, as sendas, as zonas de estacionamento e as zonas duras, mediante varredora-aspiradora urbana con recollida de áridos e restos vexetais; este curso 1 limpeza mecánicas das estradas, sendas e aparcadoiros intensivos.
 - Recollida selectiva de residuos inertes e reciclables dos centros, dos servizos, dos laboratorios e das infraestruturas de investigación: recollida, clasificación e reutilización de materiais metálicos, áridos, sinais de tráfico, palés, etc.
 - Xestión dos residuos vexetais producidos nos traballos de conservación das zonas verdes: triturado das pólas de poda e compostaxe dos restos vexetais producidos nos traballos de mantemento. Empréganse para a restauración de solos, das plantacións e como fertilizante en praderías depauperadas. Este ano producíronse aproximadamente uns 35 m³ de compost maduro.
 - Xestión especial de tódolos restos vexetais do arborado afectado polo temporal Kirk: procesado, recollida e triturado de máis de 100 unidades de árbores caídas ou esgazadas polo temporal.
- Plantacións e resemteiras:
 - Plantación de 430 unidades de árbores e arbustos (nuns 1.200 m²) en varias zonas do campus como mellora da diversidade vexetal e paisaxística autóctona nas zonas onde se eliminaron piñeiros por risco de caída ou por cumprimento da lexislación contra incendios: noiro baixo a residencia universitaria e máis en parte da contorna dos estacionamentos e noiros por baixo do Edificio Filomena.
 - Rexeneración con herbáceas autóctonas duns 5.000 m², na zona deportiva do campus de Vigo e noutras microzonas.
- Outros traballos:
 - Poda especial de saneamento e redución de copa dos exemplares singulares danados polo furacán Kirk, na contorna da Facultade de Filoloxía e Tradución, nas inmediacións da parada do bus da Facultade de Económicas e no souto de acceso ó parque forestal de Beade.
 - Corta de dunhas. 150 unidades. de piñeiros, en continuación coas medidas correctoras por risco de caída ou por cumprimento da lexislación de prevención contra incendios respecto da eliminación das especies pirófitas situadas nas inmediacións dos edificios, infraestruturas e zonas viaria dos campus. O obxectivo da proposta é eliminar estes riscos e adaptarse á normativa en vigor, tratando de que os traballos de corta estean autofinanciados co valor da madeira extraída. Para este outono está prevista a corta duns 635 piñeiros na contorna de estradas e infraestruturas co fin de minimizar estes riscos de caída e incendio.
 - Reprodución e cría de especies de flora principalmente autóctonas, herbáceas, arbustivas e arbóreas para futuras plantacións nas zonas verdes dos campus.
 - Continuación coa mellora da contorna da residencia universitaria, e das contornas da Facultade de Económicas, coa mellora da zona de especies de flora aromática, o aumento do número de froiteiras, etc.
 - Continuación coa erradicación dunhas 12 especies de flora exótica e invasora en diferentes ecotonos e xardíns dos campus, actuando periódica e sistematicamente.

- Mellora ambiental dunha microzona na contorna da piscina e do estacionamento da Zona Deportiva.
- Colaboración cun departamento da UVigo na valoración e busca dunha localización idónea para a colocación dunha cúpula de observación de satélites.

No campus de **Ourense**:

- Control e supervisión do prego de prescricións técnicas do contrato de Xardinería e Mantemento de Zonas Verdes, por parte da empresa concesionaria (actualmente Misturas S.A.) e dos operarios contratados no campus de Ourense.
- Control e supervisión dos traballos realizados pola bolseira da OMA , así como o seu control horario.
- Manter actualizada a información do mapa xeorreferenciado das árbores do campus Ourense (Google Maps , My Maps).
- Plantación da “Árbore 1000” do campus, nun pequeno acto conmemorativo coincidindo co 50 aniversario do Campus de Ourense.
- Mantemento dun pequeno viveiro nos patios interiores do edificio Xurídico-Empresarial.
- Corta e apeo dunha grande *Albizia julibrissin* abatida polo temporal.
- Substitución de tódalas papeleiras do campus sur.
- Mantemento das papeleiras do campus norte: pintura, arranxo e engraxado.
- Paseo-charla botánica a grupos da comunidade universitaria, “universidade de maiores“ e ó “grupo de alumnos de divulgación ambiental”.
- Xestión dos almacéns de residuos electrónicos da OMA e dun gran almacén da Facultade de Informática no edificio Politécnico.
- Colaboración na organización de actos protocolarios institucionais.
- Campaña de sensibilización na reciclaxe de residuos en tódolos centros do Campus Ourense.
- Plantación dun grupo de *Cycas revoluta* na cara sur da Biblioteca Rosalía de Castro.